

“CARRERA DE LAS CIUDADES CONTRA EL CÁNCER DE PÁNCREAS” VILAMARTÍN 29/10/2023

Andaina e Carreira

ACANPAN (Asociación Cáncer de Páncreas), **AESPANC** (Asociación Española de Pancreatología), **AEG** (Asociación Española de Gastroenterología) e **ACAPAVAL** (Asociación Cancro de Páncreas de Valdeorras), coa colaboración da **Delegación da F.G.A en Valdeorras**, organizan a **VIª CARREIRA E ANDAINA DAS CIDADES CONTRA O CANCRO DE PANCREAS**, que terá lugar no **Concello de Vilamartín o vindeiro 29 de outubro do 2023, a partir das 10.00 h.**

PROBA OFICIAL DA F.G.A

INSCRICIÓN:

- ❖ As inscricións para a Carreira e a Andaina se realizará preferentemente a través da web de carreiras galegas,  **Carreiras Galegas** ata as 23.59 h do martes 24 de outubro, ou ben nos puntos habilitados para a mesma ata o 24 de outubro nos horarios específicos de cada establecemento ou punto habilitado.

- ❖ Formas de inscricións e prezos:

- Carreira (populares e federados)	Adultos 12 €	<u>INSCRICIÓN ANTICIPADA: ata o 24 de outubro:</u> Online: www.carreirsgalegas.com
- Andaina (Curta ou Longa)	Adultos 12 € Nenos 6€ (menores de 16 anos)	En O Barco: • Garoba • Bicis Chapi • Trisport En Rubiá: • Librería Teresita • Trastos En Vilamartín: Fimar Consultores
- Carreira Popular (populares e federados) - Andaina	Adultos 12 € Nenos 6€	<u>INSCRICIÓN ÚLTIMA HORA:</u> Domingo 29 de outubro: ata 1 hora antes do comezo da proba

- ❖ Retirada de dorsais: **Pavillón Municipal de Vilamartín de Valdeorras**
 - **sábado 28** de outubro de **16:00 h. a 20:00 h.**
 - **domingo 29** de outubro de **08.30 h. a 10.00 h.**
- ❖ Os **menores de 16** so poderán participar na andaina e deberán aportar unha autorización asinada polos pais ou titores legais.

[Agradécese a realización da INSCRICIÓN ANTICIPADA online](http://www.carreirsgalegas.com)

Ademais de forma voluntaria, existe a posibilidade de facer donativos
ao **Dorsal 0** habilitado na web de Carreiras Galegas.

O importe da inscrición así como do Dorsal 0 será destinado
integralmente para o financiamento das becas de investigación contra o
Cancro de Páncreas

REGULAMENTO:

1º.-Tódolos participantes terán asignado un dorsal, este irá situado no peito e terá que ser visible no desenvolvemento da proba.

2º.-Faranse control de paso en varios puntos do circuíto que a organización establecerá durante o transcurso da proba polos cales terán que pasar os participantes para non ser **descalificados**.

3º.-As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 40 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

4º.-Será motivo de **descalificación**, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, manipular o dorsal, falsificar datos persoais.

5º.-Todos os participantes o fan baixo a súa propia responsabilidade e o feito de tomar parte na saída da proba significa a aceptación do presente regulamento.

6º.- Seguro: todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento; ao lugar da competición ou dende o mesmo. Non se permitirá a existencia no percorrido de ningún vehículo non relacionado á organización, estando estes últimos debidamente identificados.

7º.- A organización disporá **SERVICIOS MÉDICOS E AMBULANCIA** dende una hora antes do comezo da carreira e ata media hora despois de pechar o acto. Os Servizos médicos, están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifestase un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma. **Así mesmo, recoméndase a todos os inscritos, leven a cabo antes de tomar parte na proba un recoñecemento de aptitude médico-deportivo que descarte calquera patoloxía que impida a súa participación.**

8º.- Coa inscrición, os participantes dan o seu consentimento para que a súa imaxe poida ser utilizada con fins deportivos, de promoción, distribución e/ou explotación para promover a celebración deste evento e/ou sucesivos, sen límite temporal, e/ou fomentar a participación nos mesmos, mediante a reprodución de fotografías/vídeos/gravacións da proba, a publicación de listaxes clasificatorias, etc., independentemente do medio ou dispositivo a través do cal se realice (Internet, publicidade, etc.). Os inscritos ceden de

forma expresa o dereito a reproducir o seu nome e apelidos, o posto obtido na clasificación xeral e a propia do participante, a categoría, a marca deportiva ou calquera outro dato derivado da participación no evento.

9º.- O descoñecemento deste regulamento non exime do seu cumprimento.

10º.- Todo o non previsto na presente normativa se rexerá polas normas de competición da **FGA, RFEA e IAAF** para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.

PREMIOS:

- ❖ Trofeo os 3 primeiros clasificados da Carreira Popular masculina e feminina*.
- ❖ Trofeo o primeiro clasificado Sénior masculino e feminino*.
- ❖ Trofeo o primeiro clasificado Master “A” masculino e feminino*.
- ❖ Trofeo o primeiro clasificado Master “B” masculino e feminino*.
 - *Os premios da clasificación xeral individual e por categorías da carreira popular non serán acumulativos.
- ❖ Trofeo o atleta máis veterano masculino e feminino.
- ❖ Trofeo o equipo, grupo ou familia, máis numeroso na andaina longa e curta.
Debes poñer o nome do teu equipo no formulario de inscrición.
- ❖ Trofeo o andarín mais maior (independentemente do sexo) na andaina longa e curta.
- ❖ Trofeo o andarín mais xoven (independentemente do sexo) na andaina longa e curta.

HORARIO-DISTANCIA E CATEGORIAS:

10.00H	ANDAINA LONGA	12.000 M
10.00H	ANDAINA CURTA	6.000 M
10:00H	CARREIRA	14.000 M
	SENIOR MASC. e FEM.	Dende os 16 anos ata 34 anos
	MASTERS MASC. "A" e FEM. "A"	35 a 54 anos
	MASTERS MASC. "B" e FEM. "B"	55 anos en diante
13.30H	ENTREGA DE TROFEOS	
14:30H	PINCHADA FIN DO EVENTO	

- ❖ **CARREIRA POPULAR:** Idade mínima de participación 16 anos.
- ❖ **ANDAINA POPULAR:** Poderán participar todas as idades.

Os participantes menores de 16 anos so poderán participar na andaina.

CIRCUITOS:

As distancias son orientativas e non homologadas.

SAIDA e META estará situada no Pavillón Municipal de Vilamartín de Valdeorras.

Distancias:

- ANDAINA CURTA: 6.000 M.
- ANDAINA LONGA: 12.000 M.
- CARREIRA: 14.000 M.

(VER ANEXO I)


ANDAINA 6 KM



PAVILLON MUNICIPAL DE VILAMARTIN
SAIDA E META
VESTIARIOS
RECOLLIDA DE DORSAIS
ENTREGA DE TROFEOS

**VIª CARREIRA E ANDAINA DAS CIDADES
CONTRA O CANCRO DE PANCREAS
VILAMARTÍN 29/10/2023**

ANDAINA 12 KM



CARREIRA 14 KM



PAVILLON MUNICIPAL DE VILAMARTIN

SAIDA E META

VESTIARIOS

RECOLLIDA DE DORSAIS

ENTREGA DE TROFEOS

**VIª CARREIRA E ANDAINA DAS CIDADES
CONTRA O CANCRO DE PANCREAS
VILAMARTÍN 29/10/2023**